

Terra sen historia

O malo é que e ao mito da paisaxe inmaculada séguelle, moi de preto, o da terra sen historia.

O experimento poderíase facer con calquera libro de texto escolar ou de divulgación histórica español. Logo de follealo ou mirar o índice onomástico, o lector tirará unha estraña conclusión: en Galicia non pasou nunca nada. A súa conquista polos romanos queda confundida dentro das guerras cántabras e o reino suevo, solapado polo posterior reino dos visigodos. Mesmo se denomina «letra visigótica» á letra sueva e «prerrománico visigodo» a boa parte das construcións dos malpocados dos suevos. A partir da invasión musulmá o asunto vólvese mesmo peor: dise que Galicia foi «conquerida e despoboada» polos árabes, e de aí pasa a ser un apéndice mudo, primeiro do reino de Asturias, logo do de León e máis adiante do de Castela.

Pobre Galicia, traída e levada como un cesto ao longo de mil anos. Como é posible que os galegos non fixesen nada digno de mención en todo ese tempo? Vale que teñan sona de taciturnos, pero tanto...

Nalgúns textos pode haber algunha chiscadela a Compostela ou ao Camiño de Santiago como un feito illado, ou á lírica galego-portuguesa como unha curiosidade cultural, co colofón sempre inexplorado de que o rei Afonso X o Sabio escribise en galego (E por que o

faría?, preguntárase algún). E logo, outro silencio de setecentos anos. Galicia non volve ter sequera un recuncho na historia de España, é como unha especie de Brigadoon, aquela vila escocesa da comedia musical de Gene Kelly que se elevaba nos aires durante séculos, desaparecendo do mapa. Gonzalo Torrente Ballester empregou a mesma idea para o seu mítico Castroforte del Baralla, a vila galega prototípica de *La saga/fuga de J.B.* Galicia é un limbo, un lugar sen tempo, inmóbil no seu atraso e a súa pobreza, e que tan só proporciona ocasionalmente a nova dun galeón afundido, unha heroína estereotipada como María Pita e, ultimamente, algún que outro crime rural. É que realmente Galicia non ten historia?

Galicia ten historia, evidentemente. Non hai ningunha rexión do mundo que non a teña. O problema é que a de Galicia non cadra fácil na historia convencional de España. A historiografía nacionalista galega considérao unha conspiración para suprimir o seu pasado, mais a realidade quizais sexa máis prosaica. Pode que se trate só preguiza mental. A historia de Galicia compadécese tan mal coa de España, complica de tal maneira que os estudosos españois do século XIX e os seus sucesores optaron por ignorala nuns casos e retorcela noutros, ata facela entrar, aínda que fose a martelados, nesa interpretación teleolóxica á que nos teñen afeitos e na que todo conduce de maneira inexorable á formación de España (antes unha España imperial e agora, polo menos, unha España democrática).

Tomemos a Gallaecia romana, por exemplo. A penas merece unha frase ou dúas nas historias xerais de España. Compréndese a maior atención que se presta á provincia Bética. O malo é que o que sucede na Bética xeneralízase a «Hispania». Esta, á súa vez, preséntase como se fose un antecedente da actual España. Non importa que para os romanos Hispania fose un termo sinxelamente xeográfico

(máis ou menos como para nós «Centroeuroa» ou «Os Balcáns»), e que entre as distintas provincias que a conformaban non houbera ningunha relación especial. A cousa carecería de relevancia a non ser porque a Bética ou a Tarraconense tiñan unha economía e unha sociedade singulares, polo que, ao converter a súa historia na de «toda Hispania», a historia de Gallaecia queda, simplemente, sen contar.

O que adoitan ofrecernos é unha historia retrospectiva na que só os lugares que agora teñen maior importancia para os españois (Sevilla, Barcelona, Valencia, Castela) son aqueles dos que se buscan as raíces no pasado. Os historiadores romanos contemporáneos, en cambio, tiñan as súas propias prioridades. Gallaecia era, desde logo, moito menos «romana» que o resto da Península (foi ocupada moi serodamente), pero ben máis rendible. Ao falar da paisaxe mencionamos as minas. Engadiremos agora que eran de ouro e prata.

É difícil sobreestimar a importancia que tivo esta gran empresa de explotación mineira para o Imperio romano. O historiador Trajano ten calculado que, durante a época Flavia, o ouro galaico chegou a supoñer o 7 por cento do PIB do Imperio. Gallaecia era, como se ten escrito algunha vez, a «California romana», e algúns topónimos aínda o lembran: Ourense (de *aureum*, «ouro»), Arenteiro ou Arxenteiro (de *argentum*, «prata»)... Mais, igual que «Hispania» non era un antecedente directo de España, Gallaecia non o era da actual Galicia: incluía os territorios do que hoxe son a comunidade autónoma galega, o norte de Portugal, Asturias, León e boa parte do norte de Castela ata A Ríoxa. Eses foron os límites que lle deu Caracalla contra o final do Imperio, e por iso son os límites dentro dos que se van establecer os suevos cando cheguen no século V.

Enviados por Roma para gobernaren Gallaecia, os suevos convertérona de xeito natural nun reino con esas mesmas fronteiras porque eles, como tantos gobernantes medievais, víanse como os continuadores do Imperio romano. O que ten de singular o reino suevo é

que foi o primeiro que crearon os xermanos en Europa e que presentaba unha innovación importante: unha monarquía hereditaria, o que evitaba os baños de sangue que seguían á morte do rei entre as outras tribos xermánicas. Na barbarie (se é que ese termo ten algún sentido) había graos, e os suevos eran, de entre todos os xermanos, os máis romanizados. Na columna de Trajano en Roma, onde se representa un grupo de suevos e romanos, a indumentaria non permite distinguir os uns dos outros.

Esa maior romanización dos novos gobernantes de Gallaecia quizais explique o sorprendente florecemento cultural que experimentou entón: a monxa Exeria (ou Etheria), que viaxou a Terra Santa, e que deixou os manuscritos latinos máis antigos que se conservan; o bispo Idacio, autor de obras históricas, o *best seller* do século V a quen se traducía con voracidade (en Inglaterra fíxoo o rei Alfredo o Grande en persoa); Paulo Orosio, discípulo predilecto de San Agustín e autor el mesmo de obras históricas e relixiosas... Ao lector de hoxe en día pode non parecerlle gran cousa, pero era, de feito, *case que toda* a literatura que se escribía na Europa de entón.

E porén un buscará en van referencias minimamente detalladas en torno a este reino suevo nos libros de historia de España. Mesmo os atlas históricos que se poden atopar no mercado (quitando os galegos) ofrécennos unha idea confusa. Nun, por exemplo, veremos que o reino suevo represéntase coas súas dimensións mínimas no século VI e o reino visigodo a carón, creando a falsa impresión de que foron rigorosamente contemporáneos (os suevos crearon o seu Estado case douscentos anos antes que os visigodos establecesen unha capital na Península). Aínda máis, o mapa aparece baixo un epígrafe titulado «A España visigoda» e a data rotulada nel non é a da creación do reino senón, estrañamente, a da súa conquista polos visigodos... De novo trátase dunha visión «retrospectiva» da historia na que se privilexia non o que era máis importante naquel momento (os sue-

vos), senón aquilo que adquiriu importancia no imaxinario español actual (os visigodos).

Podemos abrir outro atlas histórico diferente e atoparémonos con que se nos mostra de novo o reino suevo no momento da súa conquista polos visigodos e fixando a súa extensión, anacronicamente, no mínimo do 510. A actitude dos autores enténdese ao ler o texto que acompaña ao mapa, e que parece escrito polos propios visigodos. As súas accións militares cualifícanse de «defensa en todas as fronteiras» o seu «proxecto» de «política unitaria de *restauración de Hispania*». Este anacronismo, inexplicable entre especialistas, volvémoslo atopar nunha vendidísima *Breve Historia de España* na que se fala dos «esforzos dos godos... en recuperar a *unidade territorial* da Hispania romana». O problema, como vemos, non é que Galicia non teña historia. Quizais é que España ten demasiada...

Postos a contemplar o pasado desde unha perspectiva tan banal para un estudoso como a actual unidade de Hispania, por que non felicitarse de que os suevos a lograsen xa un par de séculos antes que os visigodos, cando baixo Rekhila e Rekhario conquistaron brevemente toda a Península? Despois de todo, e isto é algo que tampouco adoita verse reflectido na historia convencional, o reino visigodo dominou a Península a penas durante uns setenta anos antes de ser conquistado polos musulmáns... Ou, mellor dito, antes de *converterse* ao islam, posto que isto foi o que realmente ocorreu (non existen probas serias de resistencia ningunha fronte ao «invasor»). Diríase que o problema non é tanto que a historia a escriban os vencedores como que os que a escriben tenden a identificarse con eles, como se os visigodos fosen unha especie de protoespañóis.

Por suposto, o mesmo erro sería tomar aos suevos por protogalegos. Non eran. Mais raramente se di que o fosen. Por razóns diferentes, a historiografía galega tampouco ten prestado demasiada atención a este período. Cando os eruditos do Romanticismo galego

buscaron devanceiros os elixidos foron os celtas (entón, como agora, un pobo de moda) e, influídos pola historiografía española, trataron aos suevos máis ou menos como «bárbaros». De xeito que, a parte dunha produtora cinematográfica dos anos setenta (Suevia Films) e o rótulo dalgún bar, a lembranza dos suevos está case que desaparecida de Galicia. Permanece, en troques, no nome da rexión alemá de Suabia e no dun país bastante máis coñecido e do que quizais os suevos fosen orixinarios: Suecia...

Esta mala explicación do período suevo-visigodo é particularmente importante porque afecta á percepción do resto da Idade Media peninsular, que se volve así un tanto estraña. No seu libro *Contra a historia*, José María Ridaio falaba da necesidade reescribir a historia da España musulmá deixando a un lado os prexuízos e os clixés acumulados polo arabismo español ao longo dos anos. Non só leva razón, senón que a esa revisión habería que e estendela á chamada «España cristiá», sobre a que se veñen acumulado non menos prexuízos e clixés, precisamente porque, desde Pidal e Sánchez Albornoz, téñense dedicado demasiados esforzos a buscar nela xustamente o único que non pode ofrecer: a orixe dunha conciencia nacional española ou dunha unidade orgánica estatal. As nacións, simplemente, non existían na Idade Media.

Para empezar, é importante comprender que os continuadores do reino visigodo non foron os cristiáns da cornixa cantábrica, como tantas veces se ten dito, senón precisamente os emires de Córdoba, quen expresaron esa continuidade mantendo unha parte da nobreza no seu lugar, casando os seus líderes con mulleres da familia real visigoda e por medio de moitos outros xestos administrativos e simbólicos. Europa enteira entendeu esta continuidade e durante séculos o termo «Spania» ou «Hispania» aplicárase exclusivamente *á parte gobernada polos musulmáns*. Canto á «conquista» e o «despoboamento» de Galicia, son mitos que teñen sido desmontados sobradamente polos

historiadores galegos e estranxeiros, pero que perviven na historiografía española, incapaz de avanzar desde Sánchez Albornoz. Todo parece indicar que os cristiáns gozaban de bastante máis espazo que o que lles concedían os historiadores románticos e posrománticos. Hoxe sabemos que os musulmáns deixaron libre toda a cornixa cantábrica ata case a liña do Douro, ademais de Cataluña. Se a isto sumamos a antiga Gallaecia cos seus distritos do norte de Portugal, Asturias e León, non nos sae un «pequeno recuncho cántabro» (ou ástur, segundo o lugar de nacemento do historiador) senón a cuarta parte da Península...

Que os musulmáns non ocupasen Galicia non é motivo de orgullo especial ningún. Non é que non puidese facelo, senón que non tiveron o menor interese. Como dixemos, os emires considerábanse os continuadores do reino visigodo de Toledo, e os territorios que *non* conquistaron coinciden sospeitosamente con aqueles que *non* formaran parte de maneira clara daquel reino. Os visigodos non deran controlado a cornixa cantábrica, e Gallaecia permanecera como un reino administrado separadamente, como testemuña a terminoloxía dos concilios. O que non quere dicir tampouco que non teña habido musulmáns e Galicia. Houbo. Mesmo temos documentos que proban que algún musulmán, ou converso ao islam, recibiu terras e títulos en Galicia. Por que non? Eran reinos veciños, con fronteiras porosas, e non estaban sistematicamente en guerra senón que, pola contra, mantiñan boas relacións a meirande parte do tempo.

Estes prexuízos de partida son responsables da distorsión coa que lle ten chegado ao público xeral a Galicia do medievo, que queda así esvaída e soterrada baixo unha serie de nomes (Asturias, León, Castela) que o lector contemporáneo tende a interpretar de maneira literal, como se fosen unha especie de «estados-nación» antigos, cando se trata máis ben de construcións modernas dos historiadores que realidades políticas de época. Asturias é hoxe en día unha comunida-

de autónoma do Estado español, pero no século VIII ese nome correspondíase cun distrito da antiga Gallaecia (Asturica). Isto pode verse facilmente nas fontes contemporáneas, como por exemplo no Beato de Liébana (776-786), en Paulo Orosio («Cantabria et astures gallaeciae provinciae portio sunt», «Cantabria e as Asturias son unha porción da provincia de Galicia) ou en san Isidoro («Sicut in Gallaecia: Cantabria, Asturiae», «Atópanse en Galicia Cantabria e as Asturias»).

Non é que os cántabros fosen «galegos» ou que os «reis asturianos» non fosen asturianos. O que non existía entón era un «reino asturiano» como tal, porque esta era unha denominación que non formaba parte do imaxinario xeográfico da época. Para os seus contemporáneos, o reino de Asturias era na realidade o «reino de Galicia» ou ás veces «de Galicia e Asturias». E non só por razóns de conservadorismo xeográfico. Dos diferentes distritos que o conformaban, Galicia era a parte máis poboada e rica, así como a única rexión non musulmá na que existían cidades como tales e, polo menos durante un século, sés episcopais. Alfonso II viviu boa parte da súa vida en Asturias, pero criárase no mosteiro de Samos, preto de Lugo. Certo que a Corte estivo por regra xeral en Oviedo, posiblemente porque este era o único distrito que carecía de señor, pero iso tiña entón menos importancia da que lle damos agora. Ramiro I, en todo caso, trasladou esa corte a Compostela en determinados momentos, o mesmo que Afonso III.

Era así como a vían tamén os musulmáns, que se referían á parte cristiá da Península invariablemente como Djalikiyah ou al-Yalalika («Galicia»). Este topónimo, a pesar de ser bastante transparente, sempre resultou estrañamente difícil de traducir para algúns historiadores. Moyrata, na súa *Historia general de España*, por exemplo, convérteo milagrosamente en «Cantabria». Gayangos, na súa edición das crónicas de al-Maqqari, traduce «ardhu al-Jalalkah» («a terra dos gale-



«Jalikiah» (sic) convértese en «Reino de León» neste mapa do historiador do século XIX Modesto Lafuente.

gos») por «Galicia e Asturias», mentres que para Lafuente «Jalikiya» é, non se sabe como, «Reino de León». Al-Himayavi, Ibn Khaldun, o *Akhbar Machmua*... Non hai documento árabe que non fale de Galicia ou dos galegos en vez do mítico «reino de Asturias». Mas'udi, nun texto do século X no que fai reconto das nacións de Europa, mencionará «Francos, eslavos, longobardos, españois [é dicir, andalusíes], turcos, xázaros, búlgaros, alanos, galegos e outros pobos...». Por certo que Mas'udi di que os francos son os mellor organizados e armados de todas estas nacións...

...coa excepción dos galegos, que son aínda máis feroces que os francos, xa que un só galego é quen de resistir o ataque dunha multitude de francos.

Deixando a parte o ridículo e, con toda certeza, inmerecido eloxio, o texto sêrvenos para reparar no grao de detalle co que os galegos era coñecidos para os xeógrafos musulmáns, que, non o esquecemos, eran quen máis contacto tiñan con eles. Mesmo o famoso don Pelaio figura na crónica de al-Maqqari como «galego» (tamén, todo hai que dicilo, como «asno salvaxe»). Por non falar do Cid Campeador, quen aparece nun texto árabe do século XII como *al-kalb al-ghalizi*, «galego» («can galego», para sermos máis exactos).

Non sería que os musulmáns confundían a toponimia? Non. Tamén os europeos contemporáneos chaman unha e outra vez Gallaecia ou Galletia á parte cristiá da Península. O papa Adrián I diríxese no 794 ao clero de «Galicia e España» (é dicir, da parte cristiá e da musulmá da Península), o mesmo que Urbano II distingue entre «Hispaniis et Gallicis regionibus». A Afonso II as crónicas chámalle «príncipe das Galicias» (*Vita Hludovici*), «Galletia Rex» (*Vita Karoli*) ou «Rex Galletiae» (*Annales regni francorum*), o mesmo que os autores centroeuropeos refírense a Ramiro II como rei galego. As crónicas de Ademar de Chabannes, as de Orderico Vitalis, a de Eginardo... todas falan de Galicia e dos reis dos galegos, o mesmo que cantos mapas e portolanos teñen chegado ata nós e a totalidade das dezaseis sagas escandinavas que mencionan Galicia, xeralmente referida como Jakobsland, a «terra de Santiago». Na xeografía normanda distínguese entre «Spanland, Galizuland e Skarland». «Et imperator dumus Vermudos in Gallaecia», chama Sancho de Navarra ao rei Vermundo, etc. Fronte a toda esta masa de referencias, apenas atopamos dúas ou tres mencións ao reino de Asturias, e ata estas son moi dubidasas. Pero non cumprirían tantos exemplos; abundaría con reparar no que

din os reis asturianos de si mesmos: Ordoño I titúlase «rei de Galicia» sen máis, e cando o Papa se dirixe a Afonso II chámalle «Adefonsus Regi Gallaeciarum» («Afonso, rei dos galegos»).

Como é que esta obviedade non se reflicte nos libros de historia que circulan por aí?, estarase preguntando o lector. No vindeiro capítulo teremos a resposta. De momento quizais chegue cun exemplo para facerse unha idea de como leva operando o medievalismo español desde Menéndez Pidal. O seu discípulo e continuador Claudio Sánchez Albornoz escribiu un ensaio sobre a carta á que acabamos de referirnos e titulouno «Sobre unha epístola do papa Juan IX a Afonso II de Asturias»; o que resulta ben estraño, porque se un vai ao texto orixinal o que le é «Rex Galletiae».

Deberíamos, pois, chamar «reino de Galicia», ao que tantos libros seguen a chamar «reino de Asturias»? Así o cren algúns historiadores galegos. Outros propoñen a terminoloxía «reino de Gallaecia». Ambas solucións parécennos innecesariamente polémicas, ademais de problemáticas historiográficamente por varios motivos. Non gañamos moito en claridade substituindo un mito fundacional (o asturiano-español) por outro novo (o galego).

O máis razoable sería empezar por recoñecer que non sabemos gran cousa do que ocorreu no noroeste peninsular entre os séculos VIII e X. O seguinte sería empregar o termo «Galicia-Asturias» ou «Galicia e Asturias», que respecta o papel destacado que desempeñou o distrito asturiano nesta confusa monarquía. Pola mesma razón, axiña falaremos do «reino de Galicia-León» ou «Galicia e León». En todo caso, o máis importante é non perder nunca de vista que na Idade Media non existían as nacións ni os estados tal e como os entendemos hoxe en día, e que nin aquela «Asturias» nin aquela «Galicia» eran as de agora, nin existe continuidade algunha entre aquelas e estas. Así mesmo é importante lembrar que a condición de «reino cristián» de Galicia e Asturias non era un elemento esencial na súa orientación política. A re-

lación coa Hispania musulmá era a de dous veciños. Neste senso, resulta ilustrativo que o traslado da corte de Oviedo a León non estivese motivado por un desexo de situarse mellor para unha «reconquista», como ata o de agora se crera, senón probablemente para estar máis preto de al-Ándalus e aproveitar mellor o seu comercio...

Ese cambio de sede da Corte lánzanos de cheo a outra destas absurdas querelas nominalistas. Cando a principios do século X Ordoño II decide levar a súa capital a esta cidade, que xa formaba parte do seu territorio, os historiadores decimonónicos concluíron, non se sabe moi ben por que, que este desprazamento dun centenar de quilómetros era abondo para proclamar un cambio de reino. É así como xurdiu a idea dun «reino de León». Incoherentes co seu propio razoamento, os mesmos historiadores continuaron porén numerando os reis correlativamente, para así conservar a idea de continuidade que logo vai enlazar co reino de Castela (que entón nin sequera existía).

Para os contemporáneos, en cambio, León non era un reino, era simplemente unha cidade. Unha cidade de Galicia. «*Civitate vocatur Legionis, in Gallaecia*» («a cidade chamada León, en Galicia»). Tamén os reis que se asentan nela empéñanse en seguir chamándose a si mesmo «reis de Galicia». Temos a Ordoño II («rei de Galicia e León»), a Afonso IV («rei de Gallaecia»), a Vermudo III («rei de Galicia»)... E o mesmo pódese dicir para Afonso VI, a raíña dona Urraca, Afonso VII, Fernando II, Afonso IX... Tampouco o cambio de sede da Corte foi tan definitivo como o fan parecer nas historias liñais: con Ramiro II volveu temporalmente a Compostela, e seguiu aí baixo Sancho I e Ordoño IV. Vermudo III mesmo corooouse alí. Aínda séculos despois, entre os autores casteláns sobrevivía a idea de que León era, ou fora, unha parte de Galicia. En *O mellor alcalde*, o rei de Lope de Vega, por exemplo, a acción sitúase «en León, nunha vila de Galicia e as súas proximidades».

Mais unha cousa si é certa polo menos. Fose cal fose o nome ou a natureza do reino cristián do noroeste, este traslado da corte a León deixou a Galicia nunha posición descentrada respecto do lugar onde se tomaban as decisións. Empezaba un longo camiño cara iso que se chama «a periferia». E, porén, é precisamente entón cando Galicia acada o seu apoxeo, polo menos segundo os criterios da época, xusto antes de iniciar a súa decadencia (tamén segundo os criterios da época). Cénit e ocaso superpóñense neste século tan apaixonante, sobre todo porque é daquela cando empeza a haber textos abondo como para facernos unha idea asisada do que pasou.

Un deses textos é a *Historia compostelá*. Escribiuna un equipo de monxes franceses no novo e pedante latín eclesiástico. A súa finalidade era ofrecer un punto de vista sobre as intrigas cortesás que seguiron á morte de Afonso VI e nas que Galicia, ou mellor dito un galego, o arcebispo Xelmírez, tivo un papel sobranceiro. Posto que el pagaba aos cronistas, é doado imaxinar que o punto de vista coincidía co do propio Xelmírez.

Despois de tantos nome de reis, aquí temos por fin o dun home do pobo: o fillo dun humilde garda dunha torre que chegou a a arcebispo. Se queremos contar a «Era compostelá» de Galicia a través dun só individuo, Xelmírez é o noso home. E tamén se queremos entender por que desapareceu o reino medieval de Galicia.

Otero Pedrayo describía a Diego Xelmírez, esaxeradamente, como «o primeiro europeo»; o reaccionario Menéndez Pelayo como «case francés». Otero dicíao como un eloxio e Méndez Pelayo como un insulto, pero vén ser o mesmo: Xelmírez foi un político internacional, non sempre no mellor dos sentidos. Coas súas argalladas logrou que o Papa convertese Santiago en sé metropolitana con todas as propiedades da sé vacante de Mérida (daquela aínda en territorio andalusí), o que estendeu os seus dominios por Salamanca ata Estremadura. Velaí por que nunha comarca estremeña aínda se fala o an-

tigo galego-leonés: a mitra compostelá contou alí, durante séculos, con dos deanazgos, e a toponimia mostra que as terras foron repoboadas en gran parte con galegos. Logo Xelmírez mellorou o prestixio da súa catedral por medio dun procedemento pouco cristián: roubando os restos dos santos da sé rival de Braga, o que se chamou, eufemisticamente, o «pío latrocinio». Sobre todo, Xelmírez relanzou as peregrinacións a Santiago nunha escala nunca vista ata entón, con tal éxito que o sombreiro de peregrino, o chamado «sombreiro fermoso», era tan demandado que os sombreireiros de Aviñón fixeron de Santiago Apóstolo o seu patrón.

A Xelmírez non só se lle daba ben o *merchandising*, senón que tamén era o que hoxe chamaríamos un «político do ladrillo», e impulsou un ambicioso programa de construcións relixiosas e civís. Mais o edificio máis ambicioso que fixo construír Xelmírez foi un reino, un que había ter por centro indiscutible Compostela, e para iso apurouse a coroar na catedral de Santiago a Afonso VII como «rei de Galicia». Como todos os del, o programa de Xelmírez estaba deseñado a escala europea e contaba co apoio e o patrocinio dun dos superporedes da época, o ducado de Borgoña.

A xogada saíu mesmo ben de máis. Afonso non quedou en simple rei de Galicia, senón que logrou ser recoñecido tamén en León e Castela, e con el, e máis tarde cos seus sucesores Fernando II e Afonso IX, Compostela converteuse, efectivamente, no centro da monarquía durante décadas, un reino que xiraba todo el arredor dunha tumba. Xa vimos que o *Calixtinus* presentaba entón Galicia como unha terra vizosa. Pero ademais era, por primeira e quizais última vez, rica. Na *Chanson de Roland* acúsase a un personaxe de amar o asasinato e a traizón «máis que todo o ouro de Galicia»; «Nin por todo o ouro de Galicia faría eu iso», di un viquingo nunha saga islandesa. Xa non saía ouro de Galicia, como en tempos dos romanos, senón que agora entraba.

Aquel reino medieval era aínda, polo menos formalmente, un reino galego-leonés. Pero isto foi mudando paseniño. Na Idade Media os reinos non eran senón empresas familiares privadas, chan edificable que se podía alienar, dividir ou vender. E ao morrer Afonso IX sen descendentes varóns púxose en marcha un mecanismo de loita pola herdanza que acabou poñendo a Coroa de Galicia en mans de Fernando III, un rei que pasou á historia co improbable alcume de «O Santo».

Santo ou non, Fernando III víase, este si, como un rei de Castela con capital, xa dun xeito máis ou menos definitivo, na mudéxar Toledo. Esta vez a capital si que se atopaba lonxe de máis para tomar parte nas decisións do reino. Non o estaba tanto, en cambio, como para non ter que obedecelas. Fernando revocou a primacía de Compostela e fixo que o Papa lla outorgase á súa nova capital, aínda que esta fose a cidade con menos cristiáns do reino, ou precisamente por iso mesmo. Fernando tamén suprimiu as Cortes que creara o rei galego Afonso IX e comezou a centralización administrativa que iría forxando un reino de Castela sólido. Fixo algo máis: ordenou que se empezase a escribir a historia do seu reino para darlle un avoengo retrospectivo que, recén fundado, loxicamente non tiña. O seu fillo Afonso X o Sabio completou o traballo ao facer que os cronistas numerasen os reis de Oviedo e León correlativamente ata chegar a el. Daquela tradición inventada, daquel presente envellecido artificialmente, naceu a historiografía castelanista, a mesma que o trauma da perda de Cuba en 1898 resucitará moito despois para construír a imaxe de España que aínda se aprende en moitos manuais de historia.

E Galicia? A independencia de Portugal deixouna, se cabe, máis acantoadá aínda. Esa independencia, non sempre ben comprendida na historiografía española nin na portuguesa, naceu da secesión dos dous condados máis meridionais de Galicia e en gran parte foi a con-

secuencia das maquinacións do arcebispo Xelmírez e os seus aliados borgoñóns. Ao final, Xelmírez lograra crear o seu reino galego, pero vaise chamar Portugal e a partir do seu primeiro rei, Afonso Henriques («o pérfido galego», chámanlle as crónicas árabes, que, como se ve, nunca quedaban sen facer un comentario), inventará os seus propios mitos fundacionais.

Galicia perdera case que todo o seu poder político, mais aínda podía perder máis, e isto é exactamente o que sucedeu. Foi tras unha serie de catastróficas tomas de partido da aristocracia galega en tres guerras civís sucesivas. Na guerra castelá que enfrontou a Henrique o Bastardo e Pedro o Cruel, os alcumes dos contendentes xa dan unha idea do pouco atractivo de ambas alternativas. Os galegos elixiron o «cruel». Gañou o «bastardo». Logo, na seguinte guerra civil que enfrontou á raíña Xoana, chamada a Beltranexa, coa aspirante Isabel, os galegos volvéronse equivocar de bando. Canto á súa propia guerra civil, as revoltas irmandiñas, era imposible que Galicia saíse gañando porque loitaba contra si mesma.

Xa mencionamos antes aos irmandiños ao falar de como deixaron a paisaxe desprovista de castelos. Digamos agora algo máis deles: o seu nome, relativo aos membros dunha irmandade, é enganosamente inocente. O nacionalismo galego moderno exaltounos durante moito tempo como unha combinación ideal entre movemento independentista e popular, pero os historiadores están cada vez menos convencidos. Similar en moitos sentidos á insurrección de Tyler e Ball en Inglaterra, a forza de choque dos irmandiños formábanos os labregos, pero os seus líderes eran artesáns das cidades e pequenos nobres que, máis que sublevárense contra a Coroa, pedían a súa intervención para que os librase dos seus propios señores, quen estaban á súa vez en plena revolta contra os reis.

Se acaso cabería dicir que as revoltas irmandiñas, máis que unha loita pola independencia (un concepto anacrónico para aquela épo-

ca), facilitaron a incorporación de Galicia ao reino de Castela ao debilitaren o poder local. Se algo sabía Isabel de Castela era aproveitar as oportunidades (despois de todo, xa usurpara o trono), e aproveitou esta a cachón. Coa axuda do seu home, o rei Fernando de Aragón, Isabel deixou primeiro que os nobres galegos esmagasen os irmandiños, cousa que fixeron encantados cunha novidade tecnolóxica, a mosquetería. Foi daquela cando Isabel e Fernando entraron na guerra para esmagar á súa vez os «condes tolos». Esa marabilla do plateresco que adorna a praza do Obradoiro Santiago, o Hostal dos Reis Católicos, conmemora o éxito daquela dura guerra polo control definitivo de Galicia. É un episodio que ten pasado á historia galega como «A Doma de Galicia», aínda que o termo que se usou entón era un pouco máis forte: «Doma e *castración*». Veremos que houbo bastante máis do primeiro que do segundo.

Agora si. O reino que fora galego-asturiano primeiro e logo galego-leonés convertérase nunha provincia do reino de Castela, e seguirá a selo durante catrocentos anos máis. Dentro desa monarquía, Galicia, que retén formalmente a denominación de «reino», vai ostentar un status estraño: sometida politicamente e sen a penas institucións propias, vivirá porén nunha burbulla, rodeada de mar e montes, demasiado afastada como para podela xestionar eficazmente desde a corte. Propiedade da Igrexa e dos mosteiros, han ser estes os que, na práctica, gobernen Galicia segundo usos consuetudinarios que se van forxando á marxe das leis castelás. Ao longo dos séculos seguintes, tan só un 12 por cento dos galegos van ser «súbditos do rei» propiamente ditos, e desde 1520 ata trescentos anos despois ningún monarca vai pór sequera o pé en Galicia. Foi o que poderíamos chamar unha «autonomía por esquecemento».

É nese senso que quizais si se poida dicir que, a partir do século xv, Galicia deixa de ter historia, se entendemos por tal a solemnidade das dinastías, os actos de soberanía e o control absoluto dunha

sociedade. Pero a historia, por suposto, non é iso: é o paso do tempo, e o tempo pasa para todo o mundo.

O malo é que a ausencia de historia é un síntoma da ausencia de poder, que á súa vez pode traducirse, como mínimo, nunha ausencia de autoestima. Os galegos son famosos por non andar sobrados dela. E considerando o que lles sucedeu aos seus devanceiros nos séculos seguintes, como imos ver, non resulta de todo sorprendente.